

Unha guía de plantas

Nome _____ Data _____

Un xardín botánico é un lugar en que se cultivan diferentes plantas e se investiga sobre elas. Coñece un xardín botánico e ponte mans á obra. Seguro que es un grande investigador!




1 Estas son algunhas das plantas que hai no xardín botánico.

Le, observa e escribe o nome de cada unha delas.

1. **Roseira.** É un arbusto con espiñas no seu talo. Ten moitas flores con pétalos anchos e coloridos. As súas follas parecen ter dentes de serra nos bordos.
2. **Piñeiro.** É unha árbore alta que ten a copa con forma de cono. As súas follas son finas, alongadas e punzantes. O seu froito é a piña.
3. **Romeu.** É un arbusto de folla perenne, con moitas ramas. As súas follas son pequenas e abundantes. Ten pequenas flores de color morada.
4. **Campaña.** É unha herba de talo fino. Ten unhas fermosas flores con forma de campá.









2 Cada planta ten un nome científico, que se escribe en latín, a lingua que falaban os romanos na Antigüidade. Le e pensa a que planta corresponde cada nome.


Pinus silvestris: *Campanula carpatica*:

Rosa: *Rosmarinus officinalis*:

3 Le o cartel informativo e resolve.

As plantas do xardín botánico


- Hai 350 roseiras.
- Hai 250 piñeiros máis ca roseiras.
- Hai 75 matas de romeu máis ca piñeiros.
- Hai o mesmo número de campaiñas ca de roseiras.



▪ Calcula o número de piñeiros.

Datos ► e

Operación ►




Solución ►

▪ Calcula o número de matas de romeu.


Datos ► e

Operación ►



Solución ►

4 Escribe o número de exemplares de cada especie de planta que hai no xardín botánico. Despois, elabora un gráfico con eses datos.



► Observa o gráfico e escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- A planta máis abundante é o romeu.
- Hai o mesmo número de piñeiros ca de roseiras.
- Hai máis campaiñas ca piñeiros.
- O menor número de plantas corresponde ás roseiras e ás campaiñas.

5 Que precisan as plantas para medrar? Explica.

6 Axuda aos xardineiros do xardín botánico a organizar o seu traballo semanal marcando os días que deben regar cada planta.



Roseira ► dúas regas semanais

Piñeiro ► unha rega semanal

Romeu ► unha rega semanal

Campaíña ► unha rega diaria

	luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
roseira							
piñeiro							
romeu							
campaíña							

7 Agora debuxa unha das plantas do xardín botánico e enche a ficha.

Nome da planta:

Nome científico:

Número de exemplares que hai no xardín botánico:

Necesidade de rega:

► Viches esta planta nalgún lugar? Onde? Explica.